

Expediente 25.987-3320

**ACTA DE APERTURA DO SOBRE ÚNICO DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CADEIRAS PARA A SALA DE ESTUDOS DO EDIFICIO DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”**

Con data do 26 de setembro de 2022 publicouse no perfil de contratante o expediente do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a subministración de cadeiras para a sala de estudos do edificio do auditorio Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno local na sesión do 23 de setembro de 2022.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, o 13 de outubro de 2022 ás 13:00 horas, reuníronse a xefa do Servizo de Educación coa técnica de Administración Xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21 de xuño de 2019) para a apertura do sobre único de conformidade co previsto na cláusula 20.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

A través da Plataforma de Contratos do Sector Público presentaron proposición os seguintes licitadores:

1. ACEROFFICE, S.L.
2. CRITERIO, EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.
3. KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.
4. PAZ DISMAC, S.L.
5. SPIRAL CONTRACT, S.L.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 13 de outubro de 2022, presentouse a través do rexistro electrónico unha unha proposición de TANGRAM MATERIALES Y JUEGOS DIDACTICOS, S.L. (documento nº 220254269).

As asistentes manifestaron non ter conflito de intereses cos licitadores presentados.

En primeiro lugar conséntase que a proposición presentada por TANGRAM MATERIALES Y JUEGOS DIDACTICOS, S.L. non está encriptada, polo que non se cumpre o disposto na cláusula 14 do PCAP que establece “*En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. **A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador***”.

A continuación procédese á descriptación das proposicións presentadas a través da Plataforma de Contratos do Sector Público co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/10/2022 09:17	Páxina 1 de 2
25987-332	CSV: A2ACB8-3EA1B8-E7EHA6-Q9L63G-TFVDJE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Licitador	DEUC	Anexo II PCAP	Prezo sen IVE	Incremento do prazo de garantía dos elementos a subministrar
1	ACEROFFICE, S.L.			29.280,00 €	5 anos
2	PAZ DISMAC, S.L.		Non cubre o apartado f) "Nomeamento do delegado do contrato"	27.500,00 €	5 anos
3	SPIRAL CONTRACT, S.L.			29.200,00 €	2 anos
4	CRITERIO, EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.			31.060,00 €	10 anos
5	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.			32.128,00 €	5 anos

Á vista da documentación presentada, procede:

- a) Non admitir a TANGRAM MATERIALES Y JUEGOS DIDACTICOS, S.L. neste procedemento por ter presentado documentos non encriptados dos que pode coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura (cláusula 14 do PCAP e artigo 139.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público).
- b) Admitir aos seguintes licitadores por ter presentado correctamente a documentación esixida na cláusula 13.1 do PCAP:
  1. ACEROFFICE, S.L.
  2. CRITERIO, EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L.
  3. KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.
  4. SPIRAL CONTRACT, S.L.
- c) Conceder un prazo de tres días a PAZ DISMAC, S.L. para que poida emendar a documentación presentada. Concretamente deberá presentar de novo o anexo II do PCAP cumprimentando o apartado f) "NOMEAMENTO DO/A DELEGADO/A DO CONTRATO".

A técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21 de xuño de 2019) (sinatura dixital)

A xefa do Servizo de Educación (sinatura dixital)

